

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**1139** *Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.*

A aprobación da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, supuxo, entre outros aspectos, o inicio dun novo camiño para deseñar unha estratexia que permita loitar contra a contaminación da auga dunha forma máis completa e efectiva.

En concreto, de conformidade cos artigos 4 e 16 da Directiva 2000/60/CE, establécese a obriga de aplicar as medidas orientadas a reducir progresivamente as verteduras, as emisións e as perdas das substancias prioritarias e interromper ou suprimir gradualmente as emisións, as verteduras e as perdas de substancias perigosas prioritarias.

Como un paso máis da estratexia de protección das augas, e en cumprimento do artigo 16 da dita norma, aprobouse a Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental (NCA) no ámbito da política de augas. O seu obxecto é establecer normas de calidade ambiental para as substancias prioritarias e para outros contaminantes, co obxectivo de conseguir un bo estado químico das augas superficiais.

Como complemento á regulación establecida ata a data en relación co seguimento do estado químico das augas, adoptouse a Directiva 2009/90/CE da Comisión, do 31 de xullo de 2009, pola que se establecen, de conformidade coa Directiva 2000/60/CE, as especificacións técnicas da análise química e do seguimento do estado das augas.

Este real decreto ten como finalidade traspasar todos os aspectos contidos na Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 decembro de 2008.

Así mesmo, incorpora os requisitos técnicos sobre análises químicas establecidos na Directiva 2009/90/CE da Comisión, do 31 de xullo de 2009, é dicir, os criterios mínimos que se deberán aplicar aos métodos de análise para o seguimento do estado das augas, sedimentos e seres vivos, así como as normas dirixidas a demostrar a calidade dos resultados analíticos. Deste modo ambos os dous textos legislativos quedan incorporados ao ordenamento interno español.

A necesidade de traspasar ambas as dúas directivas foi unha oportunidade para adaptar a lexislación española vixente sobre substancias perigosas ás novas obrigas derivadas da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000. En concreto, aproveitouse esta circunstancia para adaptar parte da lexislación española que traspón a Directiva 76/464/CEE do Consello, do 4 de maio, relativa á contaminación causada por determinadas substancias perigosas vertidas no medio acuático da Comunidade (disposición derogada pola versión codificada de título Directiva 2006/11/CE), así como a lexislación española que traspón as directivas derivadas da Directiva 76/464/CEE do Consello, do 4 de maio.

Co desenvolvemento da nova lexislación comunitaria sobre substancias perigosas fóronse derogando de forma progresiva as distintas obrigas derivadas na Directiva 76/464/CEE, do 4 de maio, conforme os prazos previstos na Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro, e da Directiva 2008/105/CE, do 16 decembro; de modo que a derogación completa terá lugar o 22 de decembro de 2013. O período transitorio é bastante longo (trece anos) e dentro del coexisten dous marcos legislativos que regulan temas estreitamente relacionados. Esta circunstancia obrigou a ir incorporando de forma racional e coherente os requisitos derivados da nova lexislación e, á vez, manter vixente a anterior, sen que iso supuxese baleiro legal, contradición,

duplicidade ou indeterminación. Un dos elementos esenciais da Directiva 76/464/CEE consistía na distinción entre substancias da lista I e II, diferenciación recollida nas disposicións sobre protección das augas superficiais fronte a substancias perigosas previstas no Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e no Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo. Neste real decreto establécense as medidas que se deberán aplicar durante o período de transición en que coexisten ambos os dous marcos normativos sobre substancias perigosas.

Con este obxecto, actualízase a lexislación española que recolle as normas de calidade ambiental das substancias preferentes, seleccionadas por presentaren un risco significativo para as augas superficiais españolas debido á súa especial toxicidade, persistencia e bioacumulación ou pola importancia da súa presenza no medio acuático. Desta forma, consolidanse as disposicións contidas no Real decreto 995/2000, do 2 de xuño, polo que se fixan obxectivos de calidade para determinadas substancias contaminantes; e as seccións B e C do anexo I, e o anexo II do Real decreto 258/1989, do 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre verteduras de substancias perigosas desde terra ao mar. A incorporación de ambos os dous textos a este real decreto permite derrogar ambas as dúas disposicións e simplificar, deste modo, a normativa vixente.

Finalmente, este real decreto incorpora ao dereito español o número 1.2.6 do anexo V da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000. No dito anexo queda definido o procedemento para o establecemento de NCA de contaminantes en augas, sedimento ou biota. Este procedemento deberase aplicar para obter a NCA dos contaminantes relevantes de cada demarcación hidrográfica.

En resumo, este real decreto ten por obxecto establecer NCA para as substancias prioritarias e para outros contaminantes de risco no ámbito europeo; e para as substancias preferentes de risco no ámbito estatal. Así mesmo, incorpora as especificacións técnicas da análise química e do seguimento do estado das augas, e fixa o procedemento para calcular as NCA dos contaminantes co obxecto de conseguir un bo estado das augas.

No articulado recóllese en primeiro lugar un amplo catálogo de definicións relativas á materia desenvolvida no texto. A continuación establécense as NCA para as substancias prioritarias, as preferentes e para os contaminantes relevantes da demarcación hidrográfica. Así mesmo, establece a posibilidade de que os órganos competentes poidan fixar NCA para os sedimentos ou a biota en determinadas categorías de masa de auga. Ademais, obriga a vixiar as tendencias na concentración co fin de avaliar o impacto da actividade antropoxénica a longo prazo.

En aplicación do previsto na propia Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 decembro de 2008, os órganos competentes poderán designar zonas de mestura adxacentes aos puntos de vertedura onde as concentracións dos contaminantes poderán superar as NCA sempre que non se comprometa o cumprimento das ditas normas no resto da masa de auga. Ademais, elaborarán un inventario das emisións, verteduras e perdas das substancias prioritarias e outros contaminantes.

Este real decreto dítase en desenvolvemento dos artigos 92, 92 bis, 108 bis e da disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, que habilita o Goberno para ditar as normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación.

Por outra banda, a disposición adicional novena da Lei 22/1988, do 28 de xullo de 1988, de costas, incorporada pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade, no seu número 6 establece que o Goberno poderá modificar ou ampliar a relación de substancias, os obxectivos de calidade, os métodos de medidas e o procedemento de control que figuran nos anexos I, II e III, polo que este real decreto conta coa debida habilitación legal.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Asesor de Medio Ambiente e o Consello Nacional da Auga. Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e foi sometido a información pública.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xaneiro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Normas xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

1. Establecer normas de calidade ambiental (NCA) para as substancias prioritarias e para outros contaminantes recollidos no anexo I co obxecto de conseguir un bo estado químico das augas superficiais.
2. Establecer NCA para as substancias preferentes recollidas no anexo II e fixar o procedemento para calcular as NCA non establecidas nos anexos I e II dos contaminantes do anexo III co obxecto de conseguir un bo estado ecolóxico das augas superficiais ou un bo potencial ecolóxico das ditas augas, cando proceda.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As NCA establecidas neste real decreto enténdense como normas mínimas e serán de aplicación a todas as augas superficiais definidas no artigo 3.

#### Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

1. Augas continentais: todas as augas na superficie do solo, así como todas as augas subterráneas situadas cara a terra desde a liña que serve de base para medir a largura das augas territoriais.
2. Augas costeiras: as augas superficiais situadas cara a terra desde unha liña cuxa totalidade de puntos se encontren a unha distancia dunha milla náutica mar dentro desde o punto máis próximo da liña de base que serve para medir a largura das augas territoriais e que se estenden, se é o caso, ata o límite exterior das augas de transición.
3. Augas de transición: masas de auga superficiais próximas ás desembocaduras dos ríos e que son parcialmente salinas como consecuencia da súa proximidade ás augas costeiras, pero que reciben unha notable influencia de fluxos de auga doce.
4. Augas superficiais: as augas continentais, agás as augas subterráneas; as augas de transición e as augas costeiras, e, no que se refire ao estado químico, tamén as augas territoriais.
5. Augas superficiais continentais: todas as augas estantes ou correntes na superficie da terra que non entran nas categorías de augas costeiras nin de augas de transición. Inclúen ríos e lagos e as masas de auga artificiais ou moi modificadas asimilables a estas categorías.
6. Augas subterráneas: todas as augas que se encontran baixo a superficie do solo na zona de saturación e en contacto directo co solo ou co subsolo.
7. Biota: conxunto de seres vivos coexistente nun determinado ecosistema acuático.
8. Bo estado ecolóxico: estado dunha masa de auga superficial cuxos indicadores de calidade biolóxicos mostran valores baixos de distorsión causada pola actividade humana, desviándose só lixeiramente dos valores normalmente asociados a condicións inalteradas no tipo de masa correspondente. Os indicadores hidromorfolóxicos son coherentes coa consecución dos ditos valores e os indicadores fisicoquímicos cumpren cos rangos ou límites que garanten o funcionamento do ecosistema específico do tipo e a consecución dos valores dos indicadores biolóxicos. Ademais, as concentracións de contaminantes,

distintos aos recollidos no anexo I, cumpren as NCA e, en particular, as substancias preferentes cumpren as NCA establecidas no anexo II deste real decreto.

9. Bo estado químico das augas superficiais: o estado dunha masa de auga superficial que cumpre as NCA establecidas no anexo I deste real decreto, así como outras normas comunitarias pertinentes que fixen normas de calidade ambiental.

10. Bo potencial ecolóxico: estado dunha masa de auga moi modificada ou artificial cuxos indicadores de calidade biolóxicos mostran leves cambios en comparación cos valores correspondentes ao tipo de masa máis estreitamente comparable. Os indicadores hidromorfolóxicos son coherentes coa consecución dos ditos valores e os indicadores fisicoquímicos encóntranse dentro dos rangos de valores que garanten o funcionamento do ecosistema e a consecución dos valores dos indicadores biolóxicos especificados anteriormente. Ademais, as concentracións de contaminantes distintos aos recollidos no anexo I, cumpren as NCA e en particular as substancias preferentes cumpren as NCA establecidas no anexo II deste real decreto.

11. Contaminación: a introdución directa ou indirecta, como consecuencia da actividade humana, de substancias ou enerxía na atmosfera, a auga ou o solo, que poidan ser prexudiciais para a saúde humana ou para a calidade dos ecosistemas acuáticos, ou dos ecosistemas terrestres que dependen directamente de ecosistemas acuáticos, e que causen danos aos bens materiais ou deteriorenen ou dificulten o desfrute e outros usos lexítimos do ambiente.

12. Contaminante: calquera substancia que poida causar contaminación e, en particular, as recollidas no anexo III deste real decreto.

13. Incerteza de medida: parámetro non negativo asociado a un resultado analítico que caracteriza a dispersión dos valores cuantitativos atribuídos a un mensurando baseándose na información utilizada.

14. Límite de detección: nunha determinación analítica, valor de concentración ou sinal de saída por riba do cal se pode afirmar, cun nivel declarado de confianza, que unha mostra é diferente dunha mostra en branco, entendéndose por branco aquela disolución que non contén o analito de interese.

15. Límite de cuantificación: nunha determinación analítica, múltiplo constante do límite de detección que se pode determinar cun grao aceptable de exactitude e precisión. O límite de cuantificación pódese calcular utilizando un patrón ou mostra adecuada e pódese obter do punto de calibración máis baixo na curva de calibración, excluído o valor do branco.

16. Norma de calidade ambiental (NCA): concentración dun determinado contaminante ou grupo de contaminantes na auga, nos sedimentos ou na biota, que non se debe superar para a protección da saúde humana e o ambiente. Este limiar pódese expresar como concentración máxima admisible (NCA-CMA) ou como media anual (NCA-MA).

17. Órgano competente: cada un dos organismos de bacía, para as augas superficiais continentais comprendidas nas demarcacións hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, e as comunidades autónomas, para as augas superficiais continentais de demarcacións hidrográficas comprendidas integramente dentro do ámbito territorial respectivo, así como para as augas costeiras e de transición.

18. Sedimento: material sólido orgánico ou mineral en forma de partículas, grans ou pequenos bloques, depositado no leito dunha masa de auga superficial.

19. Substancia preferente: contaminante que presenta un risco significativo para as augas superficiais españolas debido á súa especial toxicidade, persistencia e bioacumulación ou pola importancia da súa presenza no medio acuático. A relación de substancias preferentes figura no anexo II deste real decreto.

20. Substancia prioritaria: substancia que presenta un risco significativo para o medio acuático comunitario, ou a través del, incluídos os riscos desta índole para as augas utilizadas para a captación de auga potable, e reguladas a través do artigo 16 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000. Entre estas substancias encóntranse as substancias perigosas prioritarias. A relación de substancias prioritarias figura no anexo I deste real decreto.

21. Zona de mestura: zona adxacente a un punto de vertedura onde as concentracións dos seus diferentes constituíntes poden non corresponder ao réxime de mestura completa do efluente e o medio receptor.

## CAPÍTULO II

### Normas de calidade ambiental

Artigo 4. *Aplicación das normas de calidade ambiental para as substancias prioritarias e outros contaminantes.*

As NCA exixidas para as substancias prioritarias e outros contaminantes serán, como máximo, as recollidas no anexo I, epígrafe A, e serán de aplicación de acordo co establecido no anexo I, epígrafe B.

Artigo 5. *Aplicación das normas de calidade ambiental para as substancias preferentes.*

As NCA exixidas para as substancias preferentes serán, como máximo, as recollidas no anexo II, epígrafe A, e serán de aplicación de acordo co establecido no anexo II, epígrafe B.

Artigo 6. *Aplicación das normas de calidade ambiental para os contaminantes do anexo III.*

1. Os órganos competentes deberán identificar os contaminantes específicos vertidos en cantidades significativas incluídos no anexo III, e non contidos nos anexos I e II, co fin de establecer a NCA conforme o procedemento fixado no anexo IV. As NCA propostas deberán proporcionar o mesmo nivel de protección en toda a demarcación hidrográfica.

2. As NCA establecidas conforme este artigo aprobaranse no correspondente plan hidrolóxico de bacía e incluíranse na parte normativa deste conforme o previsto no artigo 81 do Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

3. Os plans hidrolóxicos de bacía, así como as súas posteriores revisións, conterán a relación dos contaminantes do anexo III para os cales se estableceron as NCA conforme este artigo, así como as correspondentes NCA adoptadas nos seus respectivos ámbitos territoriais, e incluírán, se é o caso, os datos e a metodoloxía a partir dos cales se obtiveron as ditas NCA.

Artigo 7. *Aplicación das normas de calidade ambiental en sedimentos ou biota.*

1. Os órganos competentes poderán optar por aplicar as NCA aos sedimentos ou á biota, en determinadas categorías de augas superficiais, en lugar das normas establecidas no anexo I, epígrafe A. Nestes casos actuarase conforme as previsións contidas nos números 2, 3, 4, 5 e 6 deste artigo.

2. As NCA máximas en biota serán as seguintes: mercurio e os seus compostos: 20 µg/kg; hexaclorobenceno: 10 µg/kg; hexaclorobutadieno: 55 µg/kg. Estas NCA aplicaranse aos tecidos expresados como peso húmido de peixes, moluscos, crustáceos e outra biota, e poderase elixir en cada caso o grupo taxonómico indicador máis adecuado.

3. As NCA que se apliquen en sedimento ou biota para determinadas substancias distintas ás recollidas no número 2 deste artigo deberán ofrecer polo menos o mesmo grao de protección que as NCA establecidas no anexo I, epígrafe A, para a auga. Estas NCA estableceranse conforme o procedemento fixado no anexo IV e deberán proporcionar o mesmo nivel de protección en toda a demarcación hidrográfica.

4. Para as substancias recollidas nos números 2 e 3, a periodicidade dos controis dos sedimentos ou da biota deberá ser, como mínimo, unha vez ao ano, salvo que os coñecementos técnicos e o ditame de expertos xustifiquen outro intervalo.

5. Os plans hidrolóxicos de bacía, así como as súas posteriores revisións, conterán a relación das substancias para as cales se estableceron as NCA conforme o número 3.

Ademais do nome das substancias afectadas, deberanse especificar as razóns e o fundamento que motivaron a adopción desta escolla, así como a NCA alternativa establecida, incluídos os datos e a metodoloxía a partir dos cales se obtivo a nova NCA, as categorías de augas superficiais a que se aplica e a periodicidade dos controis prevista, xunto coa xustificación desta frecuencia.

6. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño notificaralles á Comisión e aos demais Estados membros, a través do comité a que se refire o artigo 21 da Directiva 2000/60/CE, a información obtida de acordo co número 5 deste artigo.

7. Sen prexuízo do anterior, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá solicitar aos órganos competentes a información recollida no número 5 deste artigo para dar resposta a calquera informe que lle sexa requirido.

8. Os órganos competentes poderán aplicar as NCA aos sedimentos e á biota en relación coas substancias preferentes enumeradas no anexo II, epígrafe A, e cos contaminantes enumerados no anexo III. Para tales casos será de aplicación o disposto nos números 3, 4 e 5 deste artigo.

9. As NCA establecidas conforme este artigo aprobaranse no correspondente plan hidrolóxico de bacía e incluíranse na súa parte normativa conforme o previsto no artigo 81 do Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo. Cando sexa conveniente para a adecuada protección das augas, as NCA aprobaranse conforme o previsto na disposición derradeira cuarta.

#### Artigo 8. *Análise de tendencias a longo prazo en sedimento e biota.*

1. Os órganos competentes disporán o necesario para que se leve a cabo a análise da tendencia a longo prazo respecto das concentracións das substancias prioritarias e outros contaminantes enumerados no anexo I, epígrafe A, propensos á acumulación nos sedimentos ou biota; para a dita análise teranse en conta de modo especial as substancias números 2, 5, 6, 7, 12, 15, 16, 17, 18, 20, 21, 26, 28 e 30. A análise efectuarase mediante o seguimento do estado das augas realizado nos termos previstos no artigo 92. ter do texto refundido da Lei de augas. Así mesmo, tomaranse medidas destinadas a garantir que as ditas concentracións non aumenten significativamente nos sedimentos ou na biota.

2. En relación coas substancias preferentes enumeradas no anexo II, epígrafe A, os órganos competentes actuarán nos termos establecidos no número 1 deste artigo tendo en conta, de forma especial, as substancias números 6, 7, 8, 9, 10 e 11 do dito anexo.

3. Os órganos competentes determinarán a periodicidade dos controis dos sedimentos ou a biota para facilitar os datos suficientes para a análise da tendencia a longo prazo. O seguimento deberá ter unha frecuencia mínima trienal, a non ser que os coñecementos técnicos e o ditame dos expertos xustifiquen outro intervalo.

#### Artigo 9. *Especificacións técnicas da análise química e do seguimento do estado das augas.*

As especificacións técnicas da análise química para o seguimento e avaliación do estado das augas, sedimentos e biota, así como as normas dirixidas a demostrar a calidade dos resultados analíticos, serán as recollidas no anexo V deste real decreto e entenderanse como criterios mínimos de funcionamento.

### CAPÍTULO III

#### Zonas de mestura

#### Artigo 10. *Superación das normas de calidade ambiental nas zonas de mestura.*

1. Os órganos competentes poderán designar zonas de mestura adxacentes aos puntos de vertedura.

2. Dentro dunha zona de mestura, as concentracións dunha ou máis substancias enumeradas no anexo I, epígrafe A, poderán superar as NCA sempre que o resto da masa de auga superficial siga cumprindo as ditas normas.

3. O plan hidrolóxico de bacía, así como as súas posteriores revisións, recollerá unha descrición dos enfoques e métodos que se tiveron en conta para definir as zonas de mestura contidas no seu ámbito de aplicación; así mesmo, recollerá unha relación das medidas adoptadas coa finalidade de que no futuro se reduza a extensión das zonas de mestura. Enténdense adecuadas para tales efectos as medidas previstas no artigo 42, punto 1.g).f) do texto refundido da Lei de augas, así como a revisión das autorizacións outorgadas de acordo co artigo 22 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación ou a revisión das autorizacións outorgadas conforme a lexislación anterior; estas revisións terán en conta o establecido no artigo 42, punto 1.g).d') do texto refundido da Lei de augas.

4. As zonas de mestura que se establezan terán unha extensión que estará limitada ás proximidades do punto de vertedura e será proporcionada atendendo ás concentracións de contaminantes no punto de vertedura, ás condicións establecidas na autorización de vertedura correspondente e en calquera outra normativa pertinente, de conformidade coa aplicación das mellores técnicas dispoñibles.

5. Dentro dunha zona de mestura, as concentracións dunha ou máis substancias enumeradas no anexo II, epígrafe A, ou dos contaminantes enumerados no anexo III, poderán superar as NCA sempre que o resto da masa de auga superficial siga cumprindo as ditas normas. Para tales casos, será de aplicación o disposto nos números 3 e 4 deste artigo.

#### CAPÍTULO IV

##### **Inventario de emisións, verteduras e perdas**

###### *Artigo 11. Elaboración do inventario.*

1. Os órganos competentes elaborarán un inventario, no cal se incluírán, como mínimo, mapas das emisións, verteduras e perdas das substancias prioritarias e outros contaminantes enumerados no anexo I, epígrafe A, deste real decreto.

2. O inventario virá referido a unha demarcación hidrográfica ou a parte dela, e incluírá, se procede, as súas concentracións nos sedimentos e biota. Para a súa elaboración teranse en conta os diferentes datos obtidos conforme o previsto no artigo 42.1.b) e d) do texto refundido da Lei de augas, o censo nacional de verteduras, nas disposicións do Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, así como outros datos que estean dispoñibles.

3. O período de referencia para a estimación dos valores de contaminantes que deben ser incluídos nos inventarios terá unha duración dun ano entre 2008 e 2010.

4. Non obstante, as entradas correspondentes ás substancias do anexo I deste real decreto que estean reguladas pola Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, poderanse calcular como a media dos anos 2008, 2009 e 2010.

5. O plan hidrolóxico de bacía, así como as súas posteriores revisións, recollerá o inventario máis actualizado de que dispoña o órgano competente de cada demarcación hidrográfica, elaborado conforme os puntos anteriores e as especificacións previstas no artigo 15 do Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

6. Así mesmo, os órganos competentes elaborarán un inventario en que se incluírán, como mínimo, mapas das emisións, verteduras e perdas das substancias enumeradas no anexo II, epígrafe A, así como daqueles contaminantes enumerados no anexo III deste real decreto sobre os cales se establecesen NCA. A elaboración deste inventario realizarase conforme os números 1 a 5 deste artigo.

7. Os órganos competentes informarán o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño dos inventarios elaborados de acordo cos números anteriores, e a dita información actualizarase polo menos unha vez cada tres anos.

8. Sen prexuízo do anterior, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderalles solicitar aos órganos competentes información sobre os inventarios elaborados conforme os números 1, 2, 3 e 4 deste artigo para dar resposta a calquera informe que lle sexa requirido.

Artigo 12. *Actualización do inventario de emisións, verteduras e perdas.*

1. Os órganos competentes actualizarán os seus inventarios, de modo que se tome como período de referencia para o establecemento de valores o do ano anterior a aquel en que se deba finalizar a dita análise.

2. Non obstante, as entradas correspondentes ás substancias do anexo I deste real decreto que estean reguladas pola Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, poderanse calcular como a media dos tres anos anteriores á finalización da dita análise.

Artigo 13. *Comunicación do inventario á Comisión Europea.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, deberalle comunicar á Comisión os inventarios elaborados conforme o disposto nos números 1 a 5 do artigo 11 e no artigo 12 deste real decreto, incluíndo os correspondentes períodos de referencia, conforme o previsto no artigo 41.6 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

## CAPÍTULO V

### Contaminación transfronteiriza

Artigo 14. *Superación das normas de calidade ambiental por contaminación transfronteiriza.*

1. Non terá a consideración de incumprimento a superación das NCA reguladas neste real decreto sempre que se poida demostrar:

a) Que a superación foi debida a unha fonte de contaminación situada fóra do territorio nacional.

b) Que a consecuencia desta contaminación transfronteiriza o organismo competente non puido tomar medidas efectivas para cumprir as NCA pertinentes.

c) Que se aplicaron os mecanismos de coordinación establecidos na disposición adicional décimo terceira do texto refundido da Lei de augas, de modo que se garantan os obxectivos de calidade previstos nos artigos 36, 37 e 38 do Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, para as masas de auga afectadas pola contaminación transfronteiriza.

2. Os plans hidrolóxicos de bacía, así como as súas posteriores revisións, incluírán a información necesaria das circunstancias establecidas no número 1 e un resumo das medidas adoptadas en relación coa contaminación transfronteiriza.

3. No caso de se ter establecido NCA en sedimento ou biota para determinadas substancias, a superación das ditas NCA por contaminación transfronteiriza rexerese igualmente polos números 1 e 2.

4. Sen prexuízo do disposto no número 2, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderalles solicitar aos órganos competentes a información recollida neste artigo para dar resposta a calquera informe que lle sexa requirido.

Disposición adicional primeira. *Orientacións técnicas de desenvolvemento deste real decreto.*

Para a aplicación de determinados aspectos recollidos neste real decreto deberanse ter en conta as orientacións técnicas que vaia establecendo a Comisión Europea. Estas orientacións serán recibidas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a quen corresponderá a difusión destas para a súa aplicación polos diferentes órganos competentes a través do Comité de Autoridades Competentes de cada demarcación.



Disposición adicional segunda. *Concepto de substancia perigosa.*

Para os efectos da aplicación das obrigas derivadas da protección das augas superficiais fronte a substancias perigosas previstas no Regulamento de dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e no Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, entenderanse como substancias perigosas todas as substancias contidas nos anexos I e II deste real decreto.

Durante o período de vixencia da Directiva 76/464/CEE do Consello, do 4 de maio, relativa á contaminación causada por determinadas substancias perigosas vertidas no medio acuático da Comunidade (disposición derogada pola versión codificada de título Directiva 2006/11/CE), as substancias recollidas no anexo I deste real decreto corresponden á lista I e lista II prioritaria, e as substancias do anexo II corresponden á lista II preferente, que figuran no anexo IV do Regulamento de planificación hidrolóxica citado anteriormente.

Disposición derogatoria primeira. *Derogación normativa inmediata.*

Sen prexuízo do disposto na disposición derogatoria segunda, no momento da entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular:

- a) Os anexos I, II e III da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
- b) O Real decreto 995/2000, do 2 de xuño, polo que se fixan obxectivos de calidade para determinadas substancias contaminantes e se modifica o Regulamento de dominio público hidráulico aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- c) As seccións B e C do anexo I, e anexo II do Real decreto 258/1989, do 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre verteduras de substancias perigosas desde terra ao mar.
- d) O artigo 26.6 do Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.
- e) A sección B dos anexos II ao XVI, sección C, do anexo II e dos anexos IV ao XVI, e sección D do anexo II da Orde do 12 de novembro de 1987, sobre normas de emisión, obxectivos de calidade e métodos de medición de referencia relativos a determinadas substancias nocivas ou perigosas contidas nas verteduras de augas residuais.
- f) As seccións B e C dos anexos II ao XVI, e a sección D dos anexos II ao XII da Orde do 31 de outubro de 1989, pola que se establecen normas de emisión, obxectivos de calidade, métodos de medición de referencia e procedementos de control relativos a determinadas substancias perigosas contidas nas verteduras desde terra ao mar.

Disposición derogatoria segunda. *Derogación normativa diferida.*

A partir do 22 de decembro de 2012 quedarán derogadas as seguintes disposicións:

- a) A Orde do 12 de novembro de 1987, sobre normas de emisión, obxectivos de calidade e métodos de medición de referencia relativos a determinadas substancias nocivas ou perigosas contidas nas verteduras de augas residuais.
- b) A Orde do 31 de outubro de 1989, pola que se establecen normas de emisión, obxectivos de calidade, métodos de medición de referencia e procedementos de control relativos a determinadas substancias perigosas contidas nas verteduras desde terra ao mar.
- c) O anexo I do Real decreto 258/1989, do 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre verteduras de substancias perigosas desde terra ao mar.

A partir do 22 de decembro de 2013 quedará derogado o anexo IV do Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental (NCA) no ámbito da política de augas; e Directiva 2009/90/CE da Comisión, do 31 de xullo de 2009, pola que se establecen, de conformidade coa Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, as especificacións técnicas da análise química e do seguimento do estado das augas. Igualmente, incorpórase o número 1.2.6 do anexo V desta Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar os anexos contidos neste real decreto para adaptalos ao disposto na normativa comunitaria, así como ditar as normas de desenvolvemento que resulten necesarias para a correcta aplicación das disposicións contidas neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Outras NCA de ámbito estatal.*

No caso de que resulte conveniente para a adecuada protección das augas o establecemento doutras NCA distintas ás recollidas neste real decreto, aplicables a todo o ámbito territorial español, o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de consulta ás comunidades autónomas, poderá modificar os anexos contidos neste real decreto para incorporar as ditas NCA.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2011

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO

## ANEXO I

## Normas de calidade ambiental para substancias prioritarias e para outros contaminantes

## Epígrafe A. Normas de calidade ambiental (NCA)

MA: media anual; CMA: concentración máxima admisible; unidade: [µg/l].

(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)
N.º	Nome da substancia	N.º CAS <sup>(a)</sup>	NCA-MA <sup>(b)</sup> Augas superficiais continentais <sup>(c)</sup>	NCA-MA <sup>(b)</sup> Outras augas superficiais	NCA-CMA <sup>(d)</sup> Augas superficiais continentais <sup>(e)</sup>	NCA-CMA <sup>(d)</sup> Outras augas superficiais
(1)	Alacloro	15972-60-8	0,3	0,3	0,7	0,7
(2)	* Antraceno	120-12-7	0,1	0,1	0,4	0,4
(3)	Atrazina	1912-24-9	0,6	0,6	2,0	2,0
(4)	Benceno	71-43-2	10	8	50	50
(5)	* Difeniléteres bromados (pentabromodifeniléter; conxéneres n.º 28, 47, 99, 100, 153 e 154) <sup>(e)</sup>	32534-81-9	0,0005	0,0002	non aplicable	non aplicable
(6)	* Cadmio e os seus compostos (en función das clases de dureza da auga) <sup>(f)</sup>	7440-43-9	≤ 0,08 (clase 1)	0,2	≤ 0,45 (clase 1)	≤ 0,45 (clase 1)
	0,08 (clase 2)		0,45 (clase 2)		0,45 (clase 2)	
	0,09 (clase 3)		0,6 (clase 3)		0,6 (clase 3)	
	0,15 (clase 4)		0,9 (clase 4)		0,9 (clase 4)	
	0,25 (clase 5)		1,5 (clase 5)		1,5 (clase 5)	
(6 bis)	Tetracloruro de carbono <sup>(g)</sup>	56-23-5	12	12	non aplicable	non aplicable
(7)	* Cloroalcanos C10-13	85535-84-8	0,4	0,4	1,4	1,4
(8)	Clorfenvinfós	470-90-6	0,1	0,1	0,3	0,3
(9)	Clorpirifós <sup>(h)</sup> (Clorpirifós etil)	2921-88-2	0,03	0,03	0,1	0,1
(9 bis)	Praguicidas de tipo ciclodieno					
	Aldrina <sup>(g)</sup>	309-00-2	Σ = 0,01	Σ = 0,005	non aplicable	non aplicable
	Dieldrina <sup>(g)</sup>	60-57-1				
	Endrina <sup>(g)</sup>	72-20-8				
	Isodrina <sup>(g)</sup>	465-73-6				
(9 ter)	DDT total <sup>(g)</sup> <sup>(h)</sup>	non aplicable	0,025	0,025	non aplicable	non aplicable
	p,p' - DDT <sup>(g)</sup>	50-29-3	0,01	0,01	non aplicable	non aplicable
(10)	1,2 - Dicloroetano <sup>(i)</sup>	107-06-2	10	10	non aplicable	non aplicable
(11)	Diclorometano	75-09-2	20	20	non aplicable	non aplicable
(12)	Di(2-etilhexil)ftalato (DEHP)	117-81-7	1,3	1,3	non aplicable	non aplicable
(13)	Diurón <sup>(i)</sup>	330-54-1	0,2	0,2	1,8	1,8
(14)	* Endosulfano	115-29-7	0,005	0,0005	0,01	0,004
(15)	Fluoranteno <sup>(k)</sup>	206-44-0	0,1	0,1	1	1
(16)	* Hexaclorobenceno <sup>(l)</sup>	118-74-1	0,01 <sup>(i)</sup>	0,01 <sup>(i)</sup>	0,05	0,05
(17)	* Hexaclorobutadieno	87-68-3	0,1 <sup>(i)</sup>	0,1 <sup>(i)</sup>	0,6	0,6
(18)	* Hexaclorociclohexano	608-73-1	0,02	0,002	0,04	0,02
(19)	Isoproturón <sup>(i)</sup>	34123-59-6	0,3	0,3	1	1
(20)	Chumbo e os seus compostos	7439-92-1	7,2	7,2	non aplicable	non aplicable
(21)	* Mercurio e os seus compostos	7439-97-6	0,05 <sup>(i)</sup>	0,05 <sup>(i)</sup>	0,07	0,07
(22)	Naftaleno	91-20-3	2,4	1,2	non aplicable	non aplicable
(23)	Níquel e os seus compostos	7440-02-0	20	20	non aplicable	non aplicable
(24)	* Nonilfenol	25154-52-3	0,3	0,3	2	2
	* 4-Nonilfenol	104-40-5	0,3	0,3	2	2
(25)	Octilfenol {[4-(1,1',3,3' - tetrametilbutil)fenol]}	140-66-9	0,1	0,01	non aplicable	non aplicable
(26)	* Pentaclorobenceno	608-93-5	0,007	0,0007	non aplicable	non aplicable
(27)	Pentaclorofenol	87-86-5	0,4	0,4	1	1

(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)
N.º	Nome da substancia	N.º CAS <sup>(a)</sup>	NCA-MA <sup>(b)</sup> Augas superficiais continentais <sup>(c)</sup>	NCA-MA <sup>(b)</sup> Outras augas superficiais	NCA-CMA <sup>(d)</sup> Augas superficiais continentais <sup>(e)</sup>	NCA-CMA <sup>(d)</sup> Outras augas superficiais
(28)	* Hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) <sup>(f)</sup>	non aplicable	non aplicable	non aplicable	non aplicable	non aplicable
	* Benzo(a)pireno	50-32-8	0,05	0,05	0,1	0,1
	* Benzo(b)fluoranteno	205-99-2	Σ = 0,03	Σ = 0,03	non aplicable	non aplicable
	* Benzo(k)fluoranteno	207-08-9				
	* Benzo(g,h,i)perileno	191-24-2	Σ = 0,002	Σ = 0,002	non aplicable	non aplicable
	* Indeno(1,2,3-cd)pireno	193-39-5				
(29)	Simazina	122-34-9	1	1	4	4
(29 bis)	Tetracloroetileno <sup>(g)</sup>	127-18-4	10	10	non aplicable	non aplicable
(29 ter)	Tricloroetileno <sup>(g)</sup>	79-01-6	10	10	non aplicable	non aplicable
(30)	* Compostos de tributilestaño (catión de tributilestaño)	36643-28-4	0,0002	0,0002	0,0015	0,0015
(31)	Triclorobencenos	12002-48-1	0,4	0,4	non aplicable	non aplicable
(32)	Triclorometano	67-66-3	2,5	2,5	non aplicable	non aplicable
(33)	Trifluralina	1582-09-8	0,03	0,03	non aplicable	non aplicable

\* Identificada como substancia perigosa prioritaria.

<sup>(a)</sup> CAS: Chemical Abstracts Service.

<sup>(b)</sup> Este parámetro é a norma de calidade ambiental expresada como valor medio anual (NCA-MA). Salvo que se especifique outra cousa, aplícase á concentración total de todos os isómeros.

<sup>(c)</sup> As augas superficiais continentais inclúen os ríos e lagos e as masas de auga artificiais ou moi modificadas conexas.

<sup>(d)</sup> Este parámetro é a norma de calidade ambiental expresada como concentración máxima admisible (NCA-CMA). Cando en NCA-CMA se indica «non aplicable», considérase que os valores NCA-MA protexen contra os picos de contaminación a curto prazo no caso das verteduras continuas, xa que son significativamente inferiores aos valores calculados sobre a base da toxicidade aguda.

<sup>(e)</sup> Polo que respecta ao grupo de substancias prioritarias incluídas nos difeniléteres bromados (número 5), establécese unha NCA só para os conxéneres números 28, 47, 99, 100, 153 e 154.

<sup>(f)</sup> Polo que respecta ao cadmio e aos seus compostos (número 6), os valores da NCA varían en función da dureza da auga conforme cinco categorías (clase 1: <40 mg CaCO<sub>3</sub>/l, clase 2: de 40 a <50 mg CaCO<sub>3</sub>/l, clase 3: de 50 a <100 mg CaCO<sub>3</sub>/l, clase 4: de 100 a <200 mg CaCO<sub>3</sub>/l e clase 5: ≥ 200 mg CaCO<sub>3</sub>/l).

<sup>(g)</sup> Esta substancia non é unha substancia prioritaria senón un dos «outros contaminantes» para os cales as NCA son idénticas ás establecidas na lexislación aplicable antes da aprobación da Directiva 2008/105/CE.

<sup>(h)</sup> O DDT total inclúe a suma dos isómeros 1,1,1-tricloro-2,2-bis-(p-clorofenil)-etano (n.º de CAS 50 29 3; n.º UE 200 024 3); 1,1,1-tricloro-2-(o-clorofenil)-2-(p-clorofenil)-etano (n.º CAS 789 02 6; n.º UE 212 332 5); 1,1-dicloro-2,2-bis-(p-clorofenil)-etileno (n.º CAS 72 55 9; n.º UE 200 784 6); e 1,1-dicloro-2,2-bis-(p-clorofenil)-etano (n.º CAS 72 54 8; n.º UE 200 783 0).

<sup>(i)</sup> Se o órgano competente de cada demarcación hidrográfica non aplica a NCA na biota, introducirá unha NCA máis estrita para as augas co fin de alcanzar os mesmos niveis de protección que a NCA para a biota que figuran no artigo 7, número 1, deste real decreto. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño notificaralles á Comisión e aos demais Estados membros, a través do comité a que se refire o artigo 21 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, as razóns e o fundamento que os levaron a adoptar esta formulación, a NCA alternativa establecida para as augas, incluídos os datos e a metodoloxía a partir dos cales se obtivo a NCA alternativa, e as categorías de augas superficiais a que se aplicarán.

<sup>(j)</sup> No grupo de substancias prioritarias incluídas nos hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) (número 28) son aplicables todas e cada unha das NCA, é dicir, teñen que cumprirse a NCA para o benzo(a)pireno, a NCA para a suma de benzo(b)fluoranteno e benzo(k)fluoranteno, así como a NCA para a suma de benzo(g,h,i)perileno e de indeno(1,2,3 cd)pireno.

<sup>(k)</sup> O fluoranteno figura na lista como indicador doutros hidrocarburos aromáticos policíclicos máis perigosos.

### Epígrafe B. Aplicación das normas de calidade ambiental establecidas na parte A

1. Columnas 4 e 5 do cadro: unha masa de auga superficial cumpre a NCA-MA cando a media aritmética das concentracións medidas distintas veces durante o ano, en cada punto de control representativo da masa de auga, non excede a norma.

O cálculo da media aritmética, o método de análise empregado e, cando non se dispoña dun método de análise adecuado que reúna os criterios mínimos de realización, o modo de aplicación da NCA, deberase axustar aos actos de execución polos cales se adopten especificacións técnicas para o control técnico e a calidade dos resultados analíticos, en particular as recollidas no anexo V.

2. Columnas 6 e 7 do cadro: unha masa de auga superficial cumpre a NCA-CMA cando a concentración medida en calquera punto de control representativo da masa de auga non supera a norma.

Non obstante, os órganos competentes poderán adoptar métodos estatísticos como o cálculo por percentís para garantir un nivel aceptable de confianza e precisión na determinación do cumprimento das NCA-CMA.

3. Con excepción do cadmio, chumbo, mercurio e níquel (a partir deste momento denominados «metais»), as NCA establecidas neste anexo exprésanse como concentracións totais en toda a mostra de auga. No caso dos metais, a NCA refírese á concentración disolta, é dicir, na fase disolta dunha mostra de auga obtida por filtración a través de membrana de 0,45  $\mu\text{m}$  ou calquera outro pretratamento equivalente.

Ao cotexar os resultados das redes de seguimento coa NCA, poderase ter en conta:

a) As concentracións de fondo naturais de metais e os seus compostos, en caso de que impidan cumprir o valor fixado pola NCA, e

b) A dureza, o pH ou outros parámetros de calidade da auga que afecten a biodispoñibilidade dos metais.

4. Cando os órganos competentes opten por aplicar NCA en sedimento ou biota en desenvolvemento do artigo 7, serán de aplicación os puntos 1 e 2 desta epígrafe.

5. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en prol da estandarización e comparabilidade dos resultados, poderá elaborar guías metodolóxicas en que se especifiquen e desenvolvan os procedementos de aplicación das NCA establecidas na epígrafe A deste anexo I.

## ANEXO II

### Normas de calidade ambiental para substancias preferentes

#### Epígrafe A. Normas de calidade ambiental (NCA)

MA: media anual; unidade: [ $\mu\text{g}/\text{l}$ ].

(1)	(2)	(3)	(4)		(5)
N.º	Nome da substancia	N.º CAS <sup>(a)</sup>	NCA-MA <sup>(b)</sup> Augas superficiais continentais <sup>(c)</sup>		NCA-MA <sup>(b)</sup> Outras augas superficiais
(1)	Etilbenceno	100-41-4	30		30
(2)	Tolueno	108-88-3	50		50
(3)	1, 1, 1 - Tricloroetano	71-55-6	100		100
(4)	Xileno ( $\Sigma$ isómeros orto, meta e para)	1330-20-7	30		30
(5)	Terbutilazina	5915-41-3	1		1
(6)	Arsénico	7440-38-2	50		25
(7)	Cobre <sup>(d)</sup>	7440-50-8	Dureza da auga (mg/L $\text{CaCO}_3$ )	NCA-MA	25
			$\text{CaCO}_3 \leq 10$	5	
			$10 < \text{CaCO}_3 \leq 50$	22	
			$50 < \text{CaCO}_3 \leq 100$	40	
			$\text{CaCO}_3 > 100$	120	
(8)	Cromo VI	18540-29-9	5		5

(1)	(2)	(3)	(4)		(5)
N.º	Nome da substancia	N.º CAS <sup>(a)</sup>	NCA-MA <sup>(b)</sup> Augas superficiais continentais <sup>(c)</sup>		NCA-MA <sup>(b)</sup> Outras augas superficiais
(9)	Cromo	7440-47-3	50		non aplicable
(10)	Selenio	7782-49-2	1		10
(11)	Cinc <sup>(d)</sup>	7440-66-6	Dureza da auga (mg/L CaCO <sub>3</sub> )	NCA-MA	60
			CaCO <sub>3</sub> ≤ 10	30	
			10 < CaCO <sub>3</sub> ≤ 50	200	
			50 < CaCO <sub>3</sub> ≤ 100	300	
			CaCO <sub>3</sub> > 100	500	
(12)	Cianuros totais	74-90-8	40		non aplicable
(13)	Fluoruros	16984-48-8	1700		non aplicable
(14)	Clorobenceno	108-90-7	20		non aplicable
(15)	Diclorobenceno (Σ isómeros orto, meta e para)	25321-22-6	20		non aplicable
(16)	Metolacoloro	51218-45-2	1		non aplicable

<sup>(a)</sup> CAS: Chemical Abstracts Service.

<sup>(b)</sup> Este parámetro é a norma de calidade ambiental expresada como valor medio anual (NCA-MA).

<sup>(c)</sup> As augas superficiais continentais inclúen ríos e lagos e as masas de auga artificiais ou moi modificadas conexas.

<sup>(d)</sup> Polo que respecta a estas substancias, os valores da NCA en augas superficiais continentais varían en función da dureza da auga conforme catro categorías.

### *Epígrafe B. Aplicación das normas de calidade ambiental establecidas na epígrafe A*

1. Columnas 4 e 5 do cadro: unha masa de auga superficial cumpre a NCA-MA cando a media aritmética das concentracións medidas distintas veces durante o ano, en cada punto de control representativo da masa de auga, non excede a norma.

O cálculo da media aritmética, o método de análise empregado e, cando non se dispoña dun método de análise adecuado que reúna os criterios mínimos de realización, o modo de aplicación da NCA, deberase axustar aos actos de execución polos cales se adopten especificacións técnicas para o control técnico e a calidade dos resultados analíticos, en particular as recollidas no anexo V.

2. Con excepción do arsénico, cobre, cromo, selenio e cinc (a partir deste momento denominados «metais»), as NCA establecidas neste anexo exprésanse como concentracións totais en toda a mostra de auga. No caso destas substancias, a NCA refírese á concentración disolta, é dicir, na fase disolta dunha mostra de auga obtida por filtración a través de membrana de 0,45 µm ou calquera outro pretratamento equivalente.

Ao cotexar os resultados das redes de seguimento coa NCA, poderase ter en conta:

- as concentracións de fondo naturais de metais e os seus compostos, en caso de que impidan cumprir o valor fixado pola NCA, e
- a dureza, o pH ou outros parámetros de calidade da auga que afecten a biodisponibilidade dos metais.

3. Cando os órganos competentes opten por aplicar NCA en sedimento ou biota en desenvolvemento do artigo 7, serán de aplicación os puntos 1 e 2 desta epígrafe.

4. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para a estandarización e comparabilidade dos resultados, poderá elaborar guías metodolóxicas en que se especifiquen e desenvolvan os procedementos de aplicación das NCA establecidas na epígrafe A deste anexo II.

**ANEXO III****Relación de substancias contaminantes**

1. Compostos organohaloxenados e substancias que poidan dar orixe a compostos desta clase no medio acuático.
2. Compostos organofosforados.
3. Compostos organoestánnicos.
4. Substancias e preparados, ou produtos derivados deles, cuxas propiedades canceríxenas, mutáxenas ou que poidan afectar a tiroide, esteroidoxénica, a reprodución ou outras funcións endócrinas no medio acuático ou a través do medio acuático estean demostradas.
5. Hidrocarburos persistentes e substancias orgánicas tóxicas persistentes e bioacumulables.
6. Cianuros.
7. Metais e os seus compostos.
8. Arsénico e os seus compostos.
9. Biocidas e produtos fitosanitarios.
10. Materias en suspensión.
11. Substancias que contribúen á eutrofización (en particular nitratos e fosfatos).
12. Substancias que exercen unha influencia desfavorable sobre o balance de oxíxeno (e computables mediante parámetros tales como DBO ou DQO).

**ANEXO IV****Procedemento para o establecemento de NCA**

Para establecer a NCA en augas, sedimento ou biota, actuarase de acordo coas disposicións que se expoñen a continuación.

1. Cando sexa posible, obteranse datos, tanto puntuais como correspondentes a un período prolongado no tempo, respecto dos taxóns que se mencionan a continuación, sempre que estes sexan pertinentes para a categoría e tipo de masas de auga, así como doutros taxóns acuáticos de cuxos datos se dispoña.

O conxunto de base de taxóns compóñeno:

Algas ou macrófitas.

Daphnia ou organismos representativos das augas salgadas.

Peixes.

Determinaranse factores de seguridade adecuados en consonancia coa natureza e calidade dos datos dispoñibles, coas indicacións recollidas no punto 3.3.1 da parte II do «Documento técnico de orientación en apoio da Directiva 93/67/CEE da Comisión, do 20 de xullo de 1993, sobre a avaliación do risco das novas substancias notificadas e do Regulamento (CE) n.º 1488/94 da Comisión, do 28 de xuño de 1994, sobre a avaliación do risco das substancias existentes»; no Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre o rexistro, a avaliación e a autorización de substancias químicas, así como as restricións aplicables a estas substancias (REACH), polo que se establece unha Axencia Europea dos Produtos Químicos; ou en calquera outro documento que o substitúa cos factores de seguridade establecidos no seguinte cadro:

	Factor de seguridade
Polo menos un L(E)C50 puntual de cada un dos tres niveis tróficos do conxunto de base	1000
Un NOEC prolongado (peixes ou Daphnia ou un organismo representativo das augas salgadas)	100

	Factor de seguridade
Dous NOEC prolongados de especies que representen dous niveis tróficos (peixes e/ou Daphnia ou un organismo representativo das augas salgadas e/ou algas)	50
NOEC prolongado de, polo menos, tres especies (normalmente fauna ictiolóxica, Daphnia ou un organismo representativo das augas salgadas e algas) que representen tres niveis tróficos	10
Outros casos, incluídos datos de campo ou ecosistemas modelo, que permitan o cálculo e a aplicación de factores de seguridade máis precisos	Avaliación caso por caso

L(E)C50: concentración letal ou efectiva media. NOEC: concentración de efectos non observados.

2. No caso de que se dispoña de datos sobre persistencia e bioacumulación, deberán ter en conta ao derivar o valor final da NCA.

3. A NCA así derivada deberase comparar coas posibles probas procedentes de estudos de campo. En caso de que aparezan anomalías, deberase revisar a derivación co obxecto de calcular un factor de seguridade máis preciso.

4. A NCA resultante deberase someter a un exame crítico de expertos e a consulta pública con obxecto, entre outras cousas, de permitir o cálculo do factor de seguridade máis preciso.

## ANEXO V

### Especificacións técnicas das análises químicas

#### 1. Métodos de análise:

a) Os métodos de análise química, incluídos os métodos de campo e laboratorio utilizados para os efectos da avaliación dos resultados das redes de control establecidas para o seguimento do estado recollidos no artigo 42.1.d) do texto refundido da Lei de augas, e en particular das substancias enumeradas nos anexos I, II e III, estarán validados e documentados de conformidade coa norma EN ISO/IEC-17025 ou outras normas equivalentes aceptadas internacionalmente.

b) Todos os métodos de análise aplicados basearanse nunha incerteza de medida do 50% ou menos ( $k=2$ ) estimada ao nivel das NCA e un límite de cuantificación igual ou inferior a un valor do 30% das NCA pertinentes.

c) Na falta dunha NCA pertinente para un parámetro determinado, ou na falta dun método de análise que cumpra os criterios do punto 1.b), as análises efectuaranse seguindo as mellores técnicas dispoñibles que non supoñan custos desproporcionados.

#### 2. Cálculo de valores medios:

a) Se as cantidades medidas dos parámetros fisicoquímicos ou químicos dunha mostra determinada son inferiores ao límite de cuantificación, os resultados da medición fixaranse na metade do valor do límite de cuantificación correspondente para o cálculo dos valores medios.

b) Se un valor medio calculado dos resultados da medición a que se refire a letra a) é inferior aos límites de cuantificación, o valor considerárase «inferior ao límite de cuantificación».

c) O punto 2.a) non se aplicará aos parámetros que sexan sumas totais dun grupo determinado de parámetros fisicoquímicos ou químicos, incluídos os seus produtos de metabolización, degradación e reacción pertinentes. Nestes casos, os resultados inferiores ao límite de cuantificación das distintas substancias fixaranse en cero.



3. Os laboratorios, para a garantía e control de calidade dos seus resultados:
  - a) Aplicarán prácticas de xestión de calidade conformes coa norma EN ISO/IEC-17025 ou outras normas equivalentes aceptadas internacionalmente.
  - b) Deberán demostrar as súas capacidades de análise dos parámetros fisicoquímicos ou químicos correspondentes mediante:
    - I. Participación en programas de ensaios de aptitude que comprendan os métodos de análise establecidos no punto 1.a) deste anexo a niveis de concentración que sexan representativos dos programas de seguimento das augas.
    - II. Análise dos materiais de referencia dispoñibles que sexan representativos das mostras recollidas cos niveis adecuados de concentración en relación coas NCA pertinentes.
  - c) Os programas de ensaios de aptitude recollidos no punto 3.b).I deste anexo serán organizados por organizacións acreditadas ou por organizacións recoñecidas nacional ou internacionalmente que cumpran os requisitos da guía ISO/IEC 43-1 ou outras normas equivalentes aceptadas internacionalmente.

Os resultados da participación nes programas de control avaliaranse segundo os sistemas de puntuación fixados na guía ISO/IEC 43-1, na norma ISO-13528 ou en calquera outra norma equivalente aceptada internacionalmente.